



AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACION TRIBUTARIA

Mesa da campaña de renda 2023: a AEAT, sen propostas de mellora 13/03/2024

Cando **xa estaba presentada nos medios de comunicación**, e polo tanto o deseño, contidos e novidades da campaña da Renda 2023 é de dominio público, a Dirección da AEAT decidiu convocar ás organizacións sindicais asinantes do Acordo de Campaña de Renda para “negociar” as melloras da vindeira campaña

A convocatoria foi para dar conta de datos estatísticos da pasada campaña e novidades normativas da vindeira campaña, sen marxe para facermos achegas de cara a un Acordo para a campaña de Renda, toda vez que o anterior rematou o seu prazo de vixencia. É a práctica habitual nos últimos anos: facer público todo o contido da campaña de renda- calendarios, novidades normativas, datos de interese e aplicacións telemáticas- e logo, se acaso, convocarnos para “negociar” unhas condicións laborais que se veñen prorrogando con todo tipo de excusas

Desta volta, o argumento para non negociar até practicamente estarmos ao inicio da campaña foi que a Dirección da AEAT estivo agardando a ver se había acordo nas Cortes para os orzamentos xerais do Estado, actualmente prorrogados. Por este motivo, propoñen, sobre a marcha, prorrogar o acordo do pasado ano con algunha mellora (sen máis concreción polo de agora) a negociar a vindeira semana e a partir deste negociar e pechar un Acordo de Renda permanente ao que poder achegar adendas anualmente en caso de ser preciso

Desde a **CIG** manifestamos o noso **malestar pola teima que ten a AEAT en incidir na videoasistencia para persoas maiores de 65 anos en municipios rurais, que o pasado ano, como amosaron os datos, foi un estrepitoso fracaso**. Cuestionamos que baixo esa pretendida extensión de servizos en realidade **a AEAT está furtando á xente unha atención e un servizo de calidade impedindo a atención presencial** con todo tipo de barreiras para as contribuíntes

Advertimos, ademais, de que **as oficinas galegas temos falta de persoal funcionario todo o ano para as funcións habituais, en campaña xa nos sobrecargan e non nos pagan** a prod. Renda de Mellor desempeño, salvo en xuño, cando o traballo vese notablemente incrementado dende o inicio da campaña en abril.

Desde a **CIG** cuestionamos que os fixos discontinuos contratados cheguen o 15 de abril, supostamente cun contrato de igual duración que outros anos. Do mesmo xeito, **cuestionamos que se solape o período de reclamación dos mutualistas- aberto desde o vindeiro 20 de marzo- coa propia campaña de Renda**, o que obrigará a facer rendas do 2019 ao 2022 se non a teñen feita e posteriormente obrígalos a volver en xuño para facer presencialmente a renda deste exercicio. Entendemos que isto supón **molestias adicionais para a cidadanía e mais para o persoal da AEAT ao duplicar visitas e traballo**, cando perfectamente se podía facer todo nunha única sesión, como propuxemos